

CONVOCATORIA DE PROBA PARA UN CONTRATO FORMATIVO PARA A OBTENCIÓN DE PRÁCTICA PROFESIONAL NA CATEGORÍA DE OPERADOR/A DE POSPRODUCCIÓN NA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA S.A.

1. OBXECTO

Selección de persoal para a formalización dun contrato de traballo formativo para a obtención da práctica profesional na categoría de operador/a de posproducción na Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.

2. PUBLICIDADE

A convocatoria, listaxes e o calendario de celebración das probas publicaranse na páxina web da CRTVG, <https://www.crtvg.gal/gl/ofertas-de-emprego>, medio polo que se xestionarán todas as comunicacións relacionadas co desenvolvemento do proceso selectivo.

O anterior sen prexuízo da publicación noutros medios coa finalidade de dar publicidade á convocatoria.

3. CATEGORÍA LABORAL

É o/a profesional que posúe coñecementos especializados en tódalas técnicas de operador de magnetoscopio, editores, mesturador de vídeo e efectos dixitais, realizando tódolos procesos de edición segundo as indicacións do realizador; efectúa os axustes da sinal de vídeo e audio.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para poder presentarse ao proceso de selección, será obrigatorio o cumprimento dos seguintes requisitos á fin do prazo de presentación de solicitudes:

4.1. Requisitos xerais:

4.1.1. Ter cumprido 16 anos de idade.

4.1.2. Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxuxe dos/das españois/españolas, dos/as nacionais dalgún dos estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e dos/as nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras, sempre que non estean separados/as de dereito, así como os seus descendentes e os do/a seu/súa cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores desa idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo, poderán participar as persoas estranxeiras con residencia legal en España en igualdade de condicións que os españois.

4.1.3. Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

4.1.4. Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública nin dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trata de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencia.

No caso de ser persoa nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

4.2. Requisitos Específicos:

4.2.1. Estar en posesión da titulación do ciclo superior en Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos ou equivalentes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredeite a súa homologación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

4.2.2. Non poderán participar no proceso as persoas que tiveran experiencia profesional ou tiveran realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da empresa, por un tempo superior a tres meses, sen que computen a estes efectos os períodos de

formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación ou certificado que habilite para a contratación.

4.2.3. Non ter estado contratado en prácticas na mesma ou distinta empresa por tempo superior a un ano en virtude da mesma titulación ou certificado de profesionalidade. Non ter estado contratado en prácticas na mesma empresa para o mesmo posto de traballo por tempo superior a un ano, aínda que se trate de distinta titulación ou distinto certificado.

4.2.4. O contrato de traballo para a obtención de práctica profesional deberá concertarse dentro dos tres anos, ou dos cinco anos se se concerta cunha persoa con discapacidade, seguintes á terminación dos correspondentes estudos.

5. TRIBUNAL

5.1. O tribunal encargado de valorar as probas estará formado polas seguintes persoas:

- Presidencia: Agustín Deus Sixto (subdirector de Medios)
- Vogal: Xosé Miguel Figueiral Jardón (coordinador de Inxesta, Media, Edición e Posproducción da CRTVG)
- Vogal: Mar de la Fuente Bralo (asesora lingüista)
- Secretaría: Mercedes Blasco Zas (xefa do Servizo de Formación e Xestión de Persoal)

5.2. O desenvolvemento do proceso realizarase consonte ao principios de igualdade, mérito e capacidade, publicidade, concorrencia competitiva, transparencia e deberase garantir o segredo das probas.

5.3. As persoas membros do órgano de selección asinarán unha declaración de non atoparse incursos en ningún dos motivos previstos no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Se á vista das listaxes de participantes observasen que concorren neles algúns dos citados motivos deberán absterse de participar e notificaranlo á persoa que efectuou o nomeamento.

As persoas aspirantes poderán recusar ás persoas que integran o tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo anterior consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A autoridade que convoca publicará na páxina web da CRTVG (www.crtvg.gal) a resolución correspondente pola que se nomeen as novas persoas membros do tribunal

que substituirán ás que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas nesta base.

5.4. Adoptaranse os medios necesarios para que as persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33% que precisen adaptacións poidan desenvolver as probas en condicións de igualdade.

5.5. A persoa coa condición de lingüista encargarase de elaborar e cualificar en exclusividade a proba de galego. O resto das persoas que componen o tribunal encargaránse da elaboración e puntuación do resto das probas, coa excepción da persoa que ostente a secretaría, que non elaborará as probas nin as puntuará.

5.6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas coa condición de asesoras especialistas para todas o algunha das probas, que se limitarán ao exercicio exclusivo das súas especialidades técnicas, polas que colaborarán co órganos de selección. Deberán absterse de participar cando concorran as circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Régime xurídico do sector público e notificaranlo ao órganos que convoca.

6. PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓN E LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

6.1. As persoas aspirantes deberán enviar por correo electrónico ao enderezo proceso.seleccion@crtvg.gal unha solicitude, segundo modelo do anexo I, e a documentación que se indica a continuación:

6.1.1. Curriculum vitae.

6.1.2. Fotocopia do DNI.

6.1.3. Acreditación do requisito académico solicitado no que conste a nota media do expediente (certificado do título ou similar).

6.1.4. Certificado correspondente ao nivel de coñecemento de lingua galega do Celga 3 ou superior.

6.1.5. As persoas aspirantes que aleguen un grao de discapacidade deberán presentar o ditame técnico facultativo que acredite posuér o correspondente grao de discapacidade.

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade acreditada igual ou superior ao 33%, deberán facer constar no anexo se precisan de adaptación de tempo e/ou medios para a realización da proba e achegar o certificado da discapacidade onde conste o grao.

6.1.6. Declaración responsable, segundo Anexo II, no caso de ter formalizado outro contrato de traballo, de diferente modalidade ao de prácticas onde conste que non realizou as tarefas da categoría convocada especificadas na presente convocatoria.

6.1.7. Certificación da vida laboral actualizada.

6.1.8. Para o caso de que tivese formalizado con anterioridade outro contrato en prácticas, un certificado emitido pola empresa no que conste a duración das prácticas, o posto de traballo desenvolto e as principais tarefas realizadas.

6.2. O prazo de recepción de solicitudes remata o 21 de maio de 2025

6.3. As persoas que posúan o Celga 3 ou superior estarán exentas da realización da proba de galego. Para a acreditación deberán achegar o certificado xunto á solicitude.

6.4. As persoas solicitantes que non achegaran a documentación requirida quedarán excluídas do proceso.

6.5. O tribunal publicará na páxina web de CRTVG a listaxe provisional de persoas admitidas entre as aspirantes que cumpran todos os requisitos e presenten toda a documentación e seleccionará os quince (15) expedientes con maior nota media.

Contra estas listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas poderanse presentar alegacións ou emendas do defecto que motivou a exclusión no prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes. Non se poderán presentar solicitudes fóra do prazo sinalado para o efecto.

As alegacións serán enviadas ao enderezo electrónico proceso.seleccion@crtvg.gal. O tribunal resolverá as alegacións presentadas no prazo máximo de cinco (5) días naturais, e publicará a continuación a listaxe definitiva de persoas admitidas na páxina web da CRTVG. Xunto coa listaxe definitiva publicarase a relación de persoas exentas de realizar a proba de coñecemento de lingua galega por ter acreditado estar en posesión do Celga correspondente.

7. REALIZACIÓN DAS PROBAS

7.1. Poderanse presentar ás probas as persoas que figuren na listaxe definitiva de persoas admitidas.

A data de realización de todas as probas será acordada polas persoas membros do Tribunal. A mencionada data anunciarase na páxina web da CRTVG no momento de publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas. As persoas aspirantes deberán estar á hora que anunciará na entrada das instalacións da CRTVG e presentar o DNI ou outro documento acreditativo da súa identidade.

7.2. A valoración de coñecementos farase a través das seguintes probas:

7.2.1. Un exercicio teórico tipo test (30 puntos)

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de trinta (30) preguntas tipo test, propostas polo tribunal, más tres (3) preguntas de reserva, sobre o contido do programa recollido como anexo II desta convocatoria. Cada pregunta conterá catro respuestas alternativas das cales só unha delas será a correcta. As respuestas incorrectas non penalizarán.

O exercicio terá unha duración máxima de trinta e cinco (35) minutos e cualificarse de 0 a 30 puntos.

7.2.2. Un exercicio práctico sobre o contido do programa recollido no Anexo II (70 puntos).

A parte práctica consistirá na realización dun suposto ou supostos que permitan demostrar o manexo de equipos e software de edición e posproducción, Avid, After Effects, Davinci, etc., así como medida de sinal de vídeo e coñecemento de conexiónado de equipamento técnico. A proba práctica terá unha duración máxima de 15 minutos.

7.2.2. Un exercicio tipo test de coñecemento de lingua galega.

Esta proba, de carácter eliminatorio, terá un grao de dificultade consonte ao programa do certificado Celga requirido e as súas cualificacións serán únicamente de apto ou de non apto. Para ter a cualificación de apto deberán obter unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10. A cualificación de non apto significará a exclusión do proceso. Estarán exentos de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga correspondente.

En caso de non acreditar a posesión do nivel correspondente de Celga, a non superación da proba de lingua galega significará a eliminación do proceso.

7.3 Para superaren o proceso, as persoas aspirantes deberán obter unha cualificación mínima de 50 sobre 100 na suma total de todas as probas, sen contar a proba de lingua galega.

8. RESULTADO DAS PROBAS REALIZADAS

O tribunal publicará a listaxe de puntuacións provisionais das probas na páxina web de CRTVG.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións contra eses resultados provisionais de cada proba no prazo de cinco (5) días naturais desde a súa publicación. As alegacións enviaranse ao enderezo electrónico proceso.seleccion@crtvg.gal.

O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco (5) días naturais, publicando a continuación a listaxe definitiva de puntuacións.

9. CRITERIOS DE PRELACIÓN PARA RESOLVER EMPATES

Para os efectos de confeccionar a listaxe definitiva de aprobados no suposto de que se produza un empate entre dúas ou máis persoas aspirantes, a orde de prelación virá dado pola aplicación dos seguintes criterios de desempate:

- 1º. Aspirante de sexo feminino, cando na categoría se dean as condicións de infrarrepresentación previstas na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- 2º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio práctico.
- 3º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio teórico.
- 4º. Aspirante de maior idade.
- 5º. Aspirante elixido por sorteo, para o caso de persistir o empate.

10. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

10.1 O tribunal publicará na páxina web de CRTVG a listaxe provisional de persoas aprobadas, contra a que se poderán presentar alegacións no prazo de cinco (5) días naturais a contar desde a súa publicación.

10.2. O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco días desde a finalización do prazo de presentación de alegacións e publicará a continuación a listaxe definitiva de puntuacións, especificando cal é/son a/s persoa/s que superou/superaron o proceso, que non poderá superar o número de prazas convocadas.

11. CONDICIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO EN PRÁCTICAS

O período de proba será de un mes. A duración do contrato non poderá ser inferior a seis meses nin exceder de un ano.

A retribución será, segundo o convenio colectivo vixente (DOG nº167, do 2 de setembro do 2015), do 70% do salario fixado para a categoría e nivel salarial de Redactor/a.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos facilitados polas persoas aspirantes serán tratados pola Corporación Radio e Televisión de Galicia SA (CRTVG), entidade prestadora do servizo de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, con domicilio social en Bando, San Marcos, s/n, Santiago de Compostela.

Os datos persoais facilitados no currículo e aqueles outros que se faciliten durante o proceso de selección serán tratados co fin de valorar e xestionar as solicitudes de emprego e, se é o caso, levar a cabo as actuacións necesarias para a selección e contratación de persoal e, agás que a persoa interesada indique a súa vontade en contra, serán conservados cos fins indicados durante todo o período das prácticas, e da vixencia da listaxe de contratación se fose o caso, polo que será responsabilidade das persoas interesadas mantelos actualizados, xa que serán utilizados para comunicar as futuras vacantes que se axusten ao perfil e poidan resultar do interese das persoas aspirantes.

Ás persoas aspirantes daráselles unha folla de consentimento voluntario de tratamento de datos, informándolles de que os datos das persoas interesadas serán tratados sobre a base do seu consentimento, que pode retirar en calquera momento, suposto no que a súa candidatura poderá non ser tida en conta nos procesos de selección de persoal da CRTVG. No caso de retirar o seu consentimento, iso non afectará á licitude dos tratamentos efectuados con anterioridade.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025



crtvg CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA
Recursos Humanos.

Víctor Tubío Villar

Director do Departamento de Recursos Humanos

Corporación Radio e Televisión de Galicia, S. A.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA UN CONTRATO FORMATIVO PARA A OBTENCIÓN DE PRÁCTICA PROFESIONAL NA CATEGORÍA DE OPERADOR/A DE POSPRODUCIÓN

Nome e apelidos	
Nº DNI, NIE...	
Endereço	
Correo electrónico	
Teléfono	

Grao de discapacidade	
Adaptación de tempo e/ou medios	

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA	
Curriculum vitae	
Fotocopia DNI	
Acreditación da titulación e nota media do expediente	
Certificado de discapacidade	
Certificado de estar en posesión do nivel do Celga requerido	
Certificación da vida laboral actualizada	
Anexo III declaración de non ter realizado as tarefas	
Certificación da empresa (So para os casos aos que se refire o punto 6.1.8)	

En _____ a _____

Asdo: _____

ANEXO II

PROGRAMA DO PROCESO SELECTIVO

- Sinal de vídeo
- Formatos de arquivos
- Corrección de cor e etalonaxe
- Vídeo e audio mixdown
- Filtros
- Diferentes tipos de key
- Transicións
- Ama link
- Software de composicións nodais
- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes:
Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA

_____ con DNI _____, declaro que nos contratos de traballo que figuran no certificado da vida laboral non realicei as tarefas da categoría de _____ convocada pola CRTVG, que se especifican na convocatoria.

E para que así conste e para os efectos da participación no presente proceso de selección, asino a presente declaración en _____ o _____ de _____ do _____.